

**PLAN DE
EMERXENCIA**

**CONSERVATORIO
SUPERIOR DE
MÚSICA DA
CORUÑA**

**RÚA MANUEL
MURGUÍA, 44
- A CORUÑA-**

mugatra

Servicio de Prevención



ÍNDICE

1. XENERALIDADES
2. CENTRO DE TRABALLO
 - 2.1. Datos do centro
 - 2.2. Organigrama
 - 2.3. Descrición da actividade
 - 2.4. Descrición do establecemento
 - 2.5. Descrición dos accesos
3. POSIBLES SITUACIÓNS DE EMERXENCIA
 - 3.1. Identificación dos riscos
 - 3.2. Identificación, cuantificación e tipoloxía das persoas afectadas
4. RESPONSABLE DA EMERXENCIA E DECISIÓN DA EVACUACIÓN
5. MEDIDAS DE PROTECCIÓN. INVENTARIO E DESCRICIÓN
 - 5.1. Medidas e medios materiais
 - 5.2. Medios humanos
 - 5.3. Mantemento das instalacións
6. PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS.
 - 6.1. Identificación e clasificación das emerxencias
 - 6.2. Identificación e funcións dos equipos de emerxencias
 - 6.3. Identificación e funcións do responsable da posta en marcha do plan de actuación
 - 6.4. Procedemento de actuación
7. FORMACIÓN E INFORMACIÓN ÓS TRABALLADORES
9. ANEXOS
 - I. Directorio telefónico de comunicación
 - II. Instrucións de actuación por posto
 - Instrucións de actuación ante unha emerxencia
 - III. Operacións de mantemento e inspeccións
 - IV. Programación de accións
 - V. Planos

1. XENERALIDADES

Segundo o sinalado na Lei 31/1995 do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, modificada pola Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais (Artigo 20.- Medidas de emerxencia), *“o Empresario, tendo en conta o tamaño e a actividade da Empresa, así como a posible presenza de persoas alleas a ela, deberá analizar as posibles situacións de emerxencia e adoptar as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación dos traballadores, designando para isto o persoal encargado de pór en práctica estas medidas e comprobando periodicamente, se é o caso, o seu correcto funcionamento”*.

O citado persoal deberá posuír a formación necesaria, ser suficiente en número e dispor do material axeitado en función das circunstancias antes sinaladas. Para a aplicación das medidas adoptadas, o Empresario deberá organizar as relacións que sexan necesarias con servizos externos á Empresa, en particular en materia de primeiros auxilios, asistencia médica de urxencia, salvamento e loita contra incendios, de maneira que quede garantida a súa rapidez e eficacia.



2. CENTRO DE TRABAJO

2.1. DATOS DO CENTRO. LOCALIZACIÓN E DESCRICIÓN DO CONTORNO

Conservatorio Superior de Música da Coruña

Enderezo: Rúa Manuel Murguía, número 44 - 15011 A Coruña.



O edificio englóbase nunha área adicada a centros educativos. O seu acceso principal é a través da Rúa Manuel Murguía.

Os equipos de emerxencia (bombeiros) están a unha distancia de 5 km aproximadamente, e a súa chegada, en caso de aviso, calcúlase nuns 7 minutos.

Os edificios máis próximos ó Centro de Día son edificios de vivendas ou centros docentes. Non se coñece ningunha actividade cercana que poda influir negativamente en caso dunha emerxencia.

As coordenadas de localización do centro son as seguintes:

U.T.M. (HUSO 29T)		XEOGRÁFICAS	
X	Y	LATITUDE NORTE	LONXITUDE OESTE
546.727,73	4.801.943,77	43° 22' 8,05"	8° 25' 23,70"

2.2. ORGANIGRAMA

O centro pertence á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O organigrama divídese en:

- Equipo Directivo: Director, Vicedirector, Xefe de Estudos e Secretario.
- Secretaría
- Departamentos
- Consello Escolar
- Comisión de Coordinación
- Persoal non docente

2.3. DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O Conservatorio Superior de Música dedícase á actividade docente.

Xeralmente as actividades realízanse de luns a venres na franxa horaria entre as 8:00 e as 22:00 h.

(Puntualmente o centro pode abrir sábados ou domingos).

2.4. DESCRICIÓN DO ESTABLECEMENTO

O edificio componse por varios bloques claramente diferenciados que se desenrolan en diferente número de plantas cada un. Existe un bloque principal de forma rectangular que consta de catro plantas (aulas, aseos e vivenda conserxe). Outro bloque está constituído soamente pola aula de percusión e desenrolase só nun nivel na planta de acceso. O seguinte bloque componse de dúas plantas, a nivel de acceso con aula de orquesta e a nivel de planta baixa dúas aulas de jazz (007 e 008). O cuarto bloque é o auditorio, o mesmo atópase a nivel de planta de acceso, e en planta baixa dispón dunha zona de servizos. Por último, o bloque que une tódolos anteriores componse do propio acceso (vestíbulos entrada) e en planta baixa cafetería.

PLANTA BAIXA: Superficie útil total 1212,19 m².

PLANTA DE ACCESO: Superficie útil total: 1497,36 m². Nesta planta atópase o acceso principal ó edificio.

PLANTA PRIMEIRA: Superficie útil total: 572,10 m².

PLANTA SEGUNDA: Superficie útil total: 556,65 m².

Ademáis o edificio conta con ascensor e escaleiras que unen tódalas plantas e a maiores unha escaleira de emerxencia que da servizo a todo o edificio.

Existe un depósito de almacenamento enterrado de gasoleo C, cunha capacidade de 10.000 litros instalado paralelamente ó edificio que da servizo para a calefacción.

Todo o edificio componse un só sector de incendio.



2.5. DESCRIPCIÓN DOS ACCESOS. CONDICIÓN DE ACCESIBILIDADE PARA A AXUDA EXTERNA

Os accesos ó edificio realízanse pola parte Sur do mesmo, dende a Rúa Manuel Murguía. Existen dous accesos diferenciados á parcela, un para peóns e outro para vehículos.

As condicións de aproximación ao establecemento considéranse axeitadas, xa que cumpren polo menos cos seguintes requisitos:

- Anchura mínima libre de 3,5 m.
- Altura mínima libre ou gálibo de 4,5 m.

3. POSIBLES SITUACIÓNS DE EMERXENCIA

3.1. IDENTIFICACIÓN DOS RISCOS

- Incendio.
- Explosión.
- Obxecto sospeitoso /ameaza de bomba.
- Emerxencia médica.

3.2. IDENTIFICACIÓN, CUANTIFICACIÓN E TIPOLOXÍA DAS PERSOAS AFECTADAS

TIPO	EMPRESA	HORARIO	NÚMERO MÁXIMO
PERSOAL DO CENTRO	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDEANACIÓN UNIVERSITARIA	8:00 a 22:00 h	74 Variable ó longo da xornada e nos diferentes cursos escolares
ALUMNOS	---	8:00 a 22:00 h	363 Variable ó longo da xornada e nos diferentes cursos escolares
MANTEMENTO, REPARACIÓNS E SUBCONTRATAS	EXTERNO, SUBCONTRATAS	Segundo necesidades	5 Variable
VISITAS	---	Segundo programación do centro	300 (auditorio) Variable

O persoal habitual do centro componse por profesores (70), persoal de limpeza (2), conserxes (2), persoal administrativo (1), alumnos (363), persoal de mantemento e instalacións (5), persoal alleo (2, cafetería), visitantes (300, auditorio).

Non se pode determinar o número de persoas que pode haber no centro no momento da emerxencia posto que é moi variable ó longo do día, aínda así hai que ter en conta que no caso máis desfavorable a ocupación nunca será superior a 450 persoas (segundo datos proporcionados polo centro).

4. RESPONSABLE DA EMERXENCIA E DECISIÓN DA EVACUACIÓN

RESPONSABLE DO CENTRO DE TRABALLO	
CARGO	DIRECTOR
NOME	
CORREO ELECTRÓNICO	
TELÉFONO	

A persoa responsable do Centro Traballo (Director do centro) será a que desempeñe a xefatura de emerxencia.

O xefe de emerxencias é a máxima autoridade no establecemento durante unha emerxencia.

Cando, por calquera razón, a persoa que desempeñe a xefatura de emerxencia deixe de ocupar o seu posto de traballo, deberao comunicar ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais para os efectos de ser substituída por outra. (ver Orde do 25 de marzo 2009 Anexo III, Procedemento do Plan de prevención de riscos laborais. Punto 2: Establecemento das medidas de emerxencia.)

XEFATURA DE EMERXENCIA	
CARGO	DIRECTOR
NOME	
CORREO ELECTRÓNICO	
TELÉFONO	

SUPLENTE	
CARGO	VICEDIRECTOR
NOME	
CORREO ELECTRÓNICO	
TELÉFONO	

5. MEDIDAS DE PROTECCIÓN. INVENTARIO E DESCRICIÓN

O establecemento, co fin de reducir os riscos das persoas e minimizar os efectos dun sinistro nas instalacións dispón das seguintes medidas e medios de protección:

5.1. MEDIDAS E MEDIOS MATERIAIS

- Sinalización e iluminación de emerxencia
- Vías de evacuación. Lémbrese a obrigatoriedade de manter as vías e saídas de evacuación libres de obstáculos (Anexo II RD 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nos Lugares de Traballo)
- Medios materiais de protección contra incendios:
 - Sistema automático de detección de incendios.
 - Sistema manual de alarma de incendios.
 - Sistema de comunicación da alarma de incendios.
 - Extintores de incendio.
 - BIE (Bocas de incendio equipadas)
- Outros medios materiais:
 - Medios materiais de Primeiros Auxilios: Caixa de urxencias

5.2. MEDIOS HUMANOS

No Capítulo 6 establécense os medios humanos dispoñibles no establecemento para as emerxencias, tendo en conta os distintos horarios de traballo.

Así mesmo, establécense como medios de Axuda Exterior en caso de emerxencia, os seguintes organismos e entidades:

→ Medios de seguridade:

- Bombeiros
- Policia
- Garda Civil

→ Medios de axuda sanitaria:

- Urgencias médicas
- Hospitais
- Ambulancias

*** Ver ANEXO I: DIRECTORIO TELEFÓNICO DE COMUNICACIÓN**

5.3. MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS

Ao obxecto de conseguir que as instalacións se conserven en todo momento en perfectas condicións de funcionamento, establecerase un programa de mantemento preventivo axeitado, segundo o disposto na regulamentación específica que lle sexa de aplicación a cada tipo de instalación e conservarase constancia documental do cumprimento do devandito programa de mantemento preventivo.

Levaranse a cabo as revisións establecidas para cada instalación ou compoñente de acordo co regulamento específico da dita instalación. Polo xeral, estas revisións son realizadas por servizos especializados externos cos que colabora a propia empresa.

As instalacións de risco, tales como a instalación eléctrica e o ascensor encóntranse reguladas por regulamentos específicos.

DESCRIPCIÓN DO MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN QUE GARANTA A OPERATIVIDADE DESTAS.

As instalacións de Protección contra incendios teñen un mantemento específico que está regulado polo Real Decreto 1942/1993 do 5 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios e que entrou en vigor o 14 de marzo de 1994. Nel establécense as operacións de carácter preventivo que deben ser realizadas.

*** Ver ANEXO III: RELACIÓN DE OPERACIÓNS DE MANTEMENTO E INSPECCIÓNS**

6. PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS


6.1. IDENTIFICACIÓN E CLASIFICACIÓN DAS EMERXENCIAS

EN FUNCIÓN DO TIPO DE RISCO			EN FUNCIÓN DA GRAVIDADE		EN FUNCIÓN DOS MEDIOS HUMANOS E OCUPACIÓN	
RISCOS NATURAIS	RISCOS TECNOLÓX	OUTROS RISCOS				
Inundacións	Incendios	Avisos de bomba	CONATO DE EMERXENCIA Calquera accidente nas instalacións que pode ser controlado e dominado de forma sinxela e rápida polo persoal e medios de protección do establecemento	EMERXENCIA XERAL Accidente que precisa da actuación de tódolos equipos e medios de protección do establecemento e axuda de medios de socorro e salvamento exteriores, que pode comportar unha evacuación xeral do establecemento	Durante días e horas da xornada laboral	Fora de días e horas da xornada laboral
Terremotos	Explosións	Accidentes				

6.2. IDENTIFICACIÓN E FUNCIONS DOS EQUIPOS DE EMERXENCIAS

Os Equipos de Emerxencia constitúen o conxunto de persoas especialmente adestradas e organizadas para a prevención e actuación en caso de emerxencia dentro do establecemento.

ESTRUTURA DE EQUIPOS DE EMERXENCIA NO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA:



→ XEFE DE EMERXENCIAS.

É a máxima autoridade no establecemento durante as emerxencias. Ten atribucións para dispoñer de maneira absoluta do persoal, equipos e medios que estime necesario para o mellor desenvolvemento da emerxencia. É o responsable de tomar as decisións de maior trascendencia durante a emerxencia, tales como parada da actividade, evacuación xeral, solicitude de axuda ao exterior, etc.

Poseerá coñecementos de seguridade contra incendios e do procedemento de emerxencias.

FUNCIÓNS DO XEFE DE EMERXENCIAS

- *En fase de normalidade:*

- Garantir a dispoñibilidade e operatividade dos medios humanos e materiais de protección contra emerxencias.
- Asegurar que se actualiza o Plan de Emerxencia cando existan cambios nas instalacións, a organización ou a normativa legal aplicable.
- Programar unha vez ao ano o simulacro de emerxencia.
- Coñecer os factores de risco existentes no establecemento.
- Coñecer o funcionamento das instalacións de protección contra incendios presentes no establecemento.
- Coñecer os procedementos de actuación ante as emerxencias
- Coñecer a situación e funcionamento das chaves e interruptores xerais para pechar os servizos existentes no establecemento.

- *En fase de emerxencia:*

- Asumir o mando único das actuacións que se realicen para o control das emerxencias que se orixinen.
- Nada máis ser avisado dunha situación de alerta ou alarma, ben sexa por observación directa, por algún medio de transmisión ou aviso de sinal acústico, trasladarse ao lugar da emerxencia.
- Unha vez no lugar do sinistro, avaliar as características e magnitude deste, e establecer os grupos operativos no lugar dos sucesos, implantando o sistema de control da situación que resulte axeitado para cada emerxencia.
- Ordenar a evacuación en caso necesario e asegurar que o persoal non vinculado ao persoal operativo evacúe as instalacións.
- Se é o caso, solicitar a intervención da axuda exterior.

- Comprobar no punto de encontro, que o número e a identidade dos evacuados coincide coa lista prevista e asegurar a busca das vítimas.
- Colaborar cos medios exteriores de axuda, recibíndoos e comunicándolles a situación, así como establecendo os mecanismos de coordinación necesarios.
- Asegurar o traslado de lesionados a centros sanitarios, se así o considera o Equipo de Primeiros Auxilios.
- Chegado o caso, ordenar as comprobacións necesarias en función do tipo de emerxencia e declarar a Fin da Emerxencia, cando considere que a situación non presenta riscos relevantes e se atope totalmente baixo control.
- Supervisar o cumprimento dos obxectivos e medidas adoptadas.

➔ EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN.

Co obxectivo de asegurar unha intervención o máis rápida posible para o control dos sinistros en fase de conato.

FUNCIÓNS DO EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN:

- *En fase de normalidade:*

- Coñecer a localización e funcionamento dos equipos de extinción existentes na súa área de traballo habitual.
- Coñecer os factores de risco presentes na súa área de traballo habitual.
- Coñecer a situación e funcionamento das chaves e interruptores xerais para o peche dos servizos existentes no establecemento.

- *En fase de emerxencia:*

- Dar a Alerta ou Alarma: no caso de observación directa, e chamar ou facer chamar ó Xefe de Emerxencias co fin de verificar a alerta en caso de que o Director/a das Emerxencias non estea presente na zona.
- Avaliar e combater o sinistro ata a chegada do Xefe de emerxencias.
- En caso de existir a menor dúbida sobre a posibilidade de risco evidente para os compoñentes do equipo, esperar a chegada do Xefe de Emerxencias.
- Poñerse a disposición do Xefe de Emerxencias cando este chegue á zona.
- Cortar as subministracións (enerxía eléctrica, gas, etc) da área afectada cando lles sexa ordenado.

→ EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN.

O seu obxectivo é garantir a transmisión da alarma, así como de levar a cabo unha evacuación total e ordenada do establecemento.

FUNCIÓNS DO EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN:

- *En fase de normalidade:*

- Coñecer os factores de risco presentes na súa área de traballo habitual.
- Coñecer a forma de realizar a evacuación e a localización das saídas de emerxencia.

- *En fase de emerxencia:*

- Dar a Alerta ou Alarma: no caso de observación directa, e chamar ou facer chamar ó Xefe de Emerxencias co fin de verificar a alerta en caso de que o Director/a das Emerxencias non estea presente na zona.
- Comprobar que todas as vías de evacuación están libres de obstáculos.
- Guiar os ocupantes cara ás vías de evacuación practicables e posteriormente ao punto de reunión.
- Controlar os accesos á zona evacuada e non permitir o acceso de persoal alleo á instalación.
- Axudar na evacuación das persoas feridas ao Equipo de Primeiros Auxilios.

→ EQUIPO DE PRIMEIROS AUXILIOS.

O seu obxecto é asegurar unha intervención o máis rápida posible en materia de primeiros auxilios.

FUNCIÓNS DO EQUIPO DE PRIMEIROS AUXILIOS:

- *En fase de normalidade:*

- Comprobar periodicamente o contido e estado das caixas de urxencia.

- *En fase de emerxencia:*

- Prestar os primeiros auxilios aos feridos.
- Solicitar, en caso necesario, a colaboración dos Equipos de Primeira Intervención, Alarma e Evacuación.
- Decidir se os feridos necesitan axuda exterior e, se fose necesario, informar disto o Xefe de Emerxencias.
- Se é o caso, preparar o traslado dos feridos a un centro sanitario.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

PLAN DE EMERXENCIA



MUGATRA
Prevención
de Riscos Laborais

- Recibir e informar os servizos sanitarios exteriores.
- Se é o caso, acompañar os afectados no seu traslado a centros hospitalarios.
- Informar das baixas ocasionadas e ter localizados aos hospitalizados.

6.3. IDENTIFICACIÓN E FUNCIÓNS DO RESPONSABLE DA POSTA EN MARCHA DO PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS

A posta en marcha do Plan de Emerxencia prodúcese logo dunha serie de accións previas destinadas á comprobación da emerxencia e a veracidade do sinistro.

Unha vez confirmada a emerxencia, a activación do Plan de Actuación será realizada polo Xefe de Emerxencias (ou suplente) do establecemento, que se porá á fronte da emerxencia.

Cando se detecte calquera emerxencia:

- Detección automática na centraliña de incendios situada na portería.
- Detección por calquera persoa do Centro.

Deberase:

AVISAR Á PERSOA QUE OSTENTA A XEFATURA DE EMERXENCIA

A persoa que ostente a xefatura de emerxencia, despois de analizar a situación, tomará a decisión de evacuar o edificio, fará soar a alarma e chamará ao 112.

EN CASO DE EMERXENCIA: FACER SOAR A ALARMA E CHAMAR Ó 112 EVACUANDO O EDIFICIO

6.4. PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN

A posta en marcha do Plan de Emerxencia implicará a realización dunha serie de accións. Estas accións resúmense de modo xeral en catro operacións que teñen como obxectivo garantir a intervención de persoas e medios dispoñibles na Estrutura de Emerxencia.

6.4.1. FASE DE DETECCIÓN E ALERTA.

O obxectivo fundamental desta fase será informar sobre a existencia dunha emerxencia ao persoal da Estrutura de Emerxencia, permitindo a confirmación desta dende o primeiro momento. Para iso describiranse unha serie de actuacións, dacordo cos medios técnicos e humanos dispoñibles no establecemento.

Unha emerxencia que teña lugar no establecemento obxecto do presente Plan, poderá ser detectada:

a. Directamente polo sistema automático de detección de incendios.

Unha vez que a central de incendios reciba o sinal de alerta realizará os avisos que estean programados nesta (batería de chamadas, activación de sereas, etc). O Xefe de Emerxencias e compoñentes do Equipo de Primeira Intervención, Alarma e Evacuación que non teñan usuarias/os ao seu cargo dirixiranse a esa zona para comprobar a veracidade da emerxencia.

b. Por observación directa dunha persoa.

Neste caso, a persoa que detecta a situación de emerxencia alertará o persoal presente na zona e avisará, ou indicarlle a outro compañeiro que avise ó Xefe de Emerxencias do acontecido. Para describir o sucedido utilizaranse os teléfonos interiores ou acudirase persoalmente ao despacho de Dirección. No caso de detectar un lume de gran magnitude accionarase un interruptor de alarma.

A determinación da clase de emerxencia tomaraa o Xefe de Emerxencias. Non obstante, os integrantes do Equipo de Primeira Intervención, Alarma e Evacuación estarán capacitados para actuar inmediatamente ante un suceso, antes de ser requiridos polo Xefe de Emerxencias.

Se a detección da emerxencia se produce fóra de días e horas da xornada laboral o persoal externo que poida estar presente no centro chamará ó Xefe de Emerxencias.

6.4.2. FASE DE INTERVENCIÓN.

Esta fase desenvolverase só se hai medios persoais e técnicos axeitados. Dentro desta fase considéranse todas aquelas accións destinadas ao control da emerxencia ou á redución dos seus efectos. Para iso, os compoñentes dos Equipos de Emerxencia designados para o desempeño destas accións deberán ter un coñecemento axeitado das actuacións necesarias e medios técnicos de protección dispoñibles.

ACTUACIÓN DO XEFE DAS EMERXENCIAS:

Nada máis coñecer a situación de alerta ou alarma trasladarase ao lugar da emerxencia.

Unha vez no lugar do sinistro, avaliará as características e magnitude do sinistro, definindo a clase de emerxencia, e determinando o plan de actuación contra dita emerxencia. Dirixirá e coordinará tódalas accións que realizarán os Equipos de Emerxencia. Se a situación o require, ordenará a Evacuación Xeral e solicitará Axuda Exterior.

Á chegada dos Servizos de Axuda Exterior, cederalles o mando das operacións, e informará e colaborará cos medios no que lle pidan.

ACTUACIÓN DO EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN

A persoa que detecte a situación de emerxencia dará o aviso de alerta ou alarma e dirixirase ao lugar da emerxencia. Despexará a zona de persoas para unha correcta intervención, e no caso de lume atacará o sinistro cos medios dispoñibles na zona.

Informarán á Directora das Emerxencias sobre a emerxencia unha vez que acuda ao lugar e actuarán baixo as súas ordes.

ACTUACIÓN DO EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN

Conducirá ós ocupantes ata as saídas de evacuación e o punto de reunión, revisando que non quede ningunha persoa nas zonas a evacuar.

ACTUACIÓN DO EQUIPO DE PRIMEIROS AUXILIOS

Nada máis coñecer a situación de emerxencia médica, o persoal con formación en materia de primeiros auxilios trasladarase ao lugar da mesma. Unha vez no lugar do sinistro, trasladarán os feridos a un lugar seguro e farán unha valoración deles.

Segundo o detectado na valoración, transmitiránlle ó Xefe das Emerxencias a necesidade de evacualos ou de solicitar Axuda Exterior. Actuarán baixo as ordes do Xefe de Emerxencias, unha vez que acuda á zona de intervención.

Para a actuación en primeiros auxilios, procederase segundo cada situación

*** Ver ANEXO II: INSTRUCCIÓN DE ACTUACIÓN**

7. FORMACIÓN E INFORMACIÓN ÓS TRABALLADORES

Como mínimo a persoa ou persoas que ostenten o cargo da xefatura de emerxencia así como a persoa suplente, se é o caso, e o equipo de primeira intervención, deberán estar formadas e informadas en primeiros auxilios, loita contra o lume e evacuación. O persoal que forme parte do equipo de primeiros auxilios deberá ter formación neste campo.

A persoa que ostente a xefatura de Emerxencia deberá realizar periodicamente reunións informativas co persoal do centro para explicar as medidas de emerxencia. Esta práctica será necesaria cada vez que se incorpora persoal.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

PLAN DE EMERXENCIA



MUGATRA
*Prevención
de Riscos Laborais*

ANEXOS

ANEXO I: DIRECTORIO DE COMUNICACIÓN

I.1. DIRECTORIO DA ESTRUCTURA DE EMERXENCIAS DO CENTRO

POSTO DE EMERXENCIA	NOME/CARGO	TELÉFONO
XEFE DAS EMERXENCIAS		
SUBSTITUTO XEFE DE EMERXENCIAS		
EQUIPO DE 1ª INTERVENCIÓN		
EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN		
EQUIPO DE PRIMEIROS AUXILIOS		



I.2. DIRECTORIO TELEFÓNICO DE SERVICIOS DE AXUDA EXTERIOR

SERVIZO	TELÉFONO XERAL	TELÉFONO LOCAL
EMERXENCIAS	112	---
BOMBEIROS	080	981 184 380
URXENCIAS MÉDICAS	061	---
POLICIA LOCAL	092	981 241 100
POLICIA AUTONÓMICA	---	981 153 410
POLICIA NACIONAL	091	981 166 300
GARDA CIVIL	062	---
PROTECCIÓN CIVIL	---	981 220 102
CRUZ VERMELLA	---	981 221 000 981 222 222
CENTRO DE INFORMACIÓN TOXICOLÓXICA	915 620 420	---

ANEXO II: INSTRUCCIÓN DE ACTUACIÓN POR POSTO

II.1. INSTRUCCIÓN DE ACTUACIÓN POR POSTO

XEFE DA EMERXENCIA

FUNCIÓNS:

En fase de normalidade:

- ✓ Garantir a dispoñibilidade e operatividade dos medios humanos e materiais de protección contra emerxencias.
- ✓ Asegurar que se actualiza o PLAN DE EMERXENCIA cando existan cambios nas instalacións, a organización ou a normativa legal aplicable.
- ✓ Programar os SIMULACROS DE EMERXENCIA.
- ✓ Coñecer os factores de risco existentes no establecemento.
- ✓ Coñecer o funcionamento das instalacións de protección contra incendios presentes no establecemento.
- ✓ Coñecer os procedementos de actuación ante as emerxencias.
- ✓ Coñecer a localización e funcionamento das chaves e interruptores xerais para o peche dos servizos existentes no establecemento.

En fase de emerxencia:

- ✓ Asumir o mando único das actuacións que se realicen para o control das emerxencias que se orixinen no centro.
- ✓ Nada máis ser avisado dunha situación de alerta ou alarma, ben sexa por observación directa, por algún medio de transmisión ou aviso de sinal acústico, trasladarse ao lugar da emerxencia.
- ✓ Unha vez no lugar do sinistro, avaliar as características e magnitude do sinistro, e establecer os grupos operativos no lugar dos sucesos, implantando o sistema de control da situación que resulte axeitado para cada tipo de emerxencia.
- ✓ Ordenar a evacuación en caso necesario e asegurar que o persoal non vinculado á estrutura de emerxencia do centro evacúen as instalacións.
- ✓ Se é o caso, solicitar a intervención da AXUDA EXTERIOR.
- ✓ Comprobar no punto de encontro, que o número e a identidade dos evacuados coincide coa listaxe prevista e asegurar a busca das vítimas.
- ✓ Colaborar cos medios exteriores de axuda, recibíndoos e comunicándolles a situación, así como establecendo os mecanismos de coordinación necesarios.
- ✓ Asegurar o traslado de lesionados a centros sanitarios, se así o considera o EQUIPO DE PRIMEIROS AUXILIOS.
- ✓ Chegado o caso, ordenar as comprobacións necesarias en función do tipo de emerxencia e declarar a FIN DA EMERXENCIA, cando considere que a situación non presenta riscos relevantes e se encontra totalmente baixo control.

SE DETECTA UNHA SITUACIÓN DE EMERXENCIA:

- ✓ En caso de detectar unha SITUACIÓN DE EMERXENCIA, avaliará as características e magnitude do sinistro, e dirixirá e coordinará todas as accións que teñen que desenvolver os EQUIPOS DE EMERXENCIA

XEFE DA EMERXENCIA

SECUENCIA XERAL DE ACTUACIÓNS EN CASO DE EMERXENCIA:

- 1) Unha vez que ten coñecemento da situación de ALARMA ou ALERTA diríxese ao lugar da emerxencia.
- 2) AVALÍA as características e magnitude do sinistro, e define a CLASE DE EMERXENCIA.
- 3) Determina o PLAN DE ACTUACIÓN contra a devandita emerxencia, e dirixe e coordina todas as accións que teñen que desenvolver os EQUIPOS DE EMERXENCIA
- 4) Se a situación o require ordena a EVACUACIÓN XERAL e solicita a AXUDA EXTERIOR.
- 5) Comproba mediante RECONTO FINAL que o número de evacuados coincide coa listaxe prevista.
- 6) Á chegada dos SERVIZOS DE AXUDA EXTERIOR, cédelles o mando de operacións, informando e colaborando cos medios no que lle soliciten.
- 7) Decreta a FIN DA EMERXENCIA e ordena comunicalo a todos os implicados nela.

PUNTO DE REUNIÓN EN CASO DE EVACUACIÓN



EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN

FUNCÍONS:

En fase de normalidade:

- ✓ Coñecer a posición e funcionamento dos equipos de extinción existentes no establecemento.
- ✓ Coñecer os factores de risco presentes no establecemento.

En fase de emerxencia:

- ✓ Dar a ALERTA ou ALARMA: en caso de observación directa e chamar ou facer chamar o XEFE DE EMERXENCIA co fin de verificar a alerta en caso de que o XEFE DE EMERXENCIAS non estea presente na zona.
- ✓ Avaliar e combater o sinistro, auxiliar as vítimas e aplicar as medidas de protección máis urxentes dende os primeiros instantes da emerxencia ata a chegada do XEFE DE EMERXENCIAS
- ✓ En caso de existir a menor dúbida sobre a posibilidade de risco evidente para os compoñentes do equipo, esperar a chegada do XEFE DAS EMERXENCIAS.
- ✓ Axudar ao EQUIPO DE PRIMEIROS AUXILIOS na mobilización e evacuación das persoas feridas.
- ✓ Poñerse a disposición do XEFE DAS EMERXENCIA cando este acuda á zona.

En fase de volta á normalidade:

- ✓ Realizar as tarefas de rehabilitación que lles encomenden.

SE DETECTA UNHA SITUACIÓN DE EMERXENCIA:

- ✓ En caso de detectar unha situación de emerxencia alertará o persoal presente na zona e avisará ou indicará a outro compañeiro que avise o XEFE DE EMERXENCIAS. Para describir o sucedido utilizaranse os teléfonos interiores ou acudirase persoalmente ao DESPACHO DE DIRECCIÓN, informando sobre os seguintes aspectos:
 - Localización da emerxencia.
 - Natureza e magnitude da emerxencia.
 - Se é o caso, existencia de feridos.
 - Identificación da persoa que dá o aviso.

SECUENCIA XERAL DE ACTUACÍONS EN CASO DE EMERXENCIA:

- 1) A persoa que detecte a situación de emerxencia dará o aviso de ALERTA ou ALARMA e dirixirase ao lugar da emerxencia.
- 2) Despexarán a zona de persoas para unha correcta intervención.
- 3) No caso de lume atacarán o sinistro cos medios dispoñibles na zona.
- 4) Informarán o XEFE DAS EMERXENCIAS sobre a emerxencia unha vez que acuda ao lugar da emerxencia e actuarán baixo as súas ordes.



EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN

PUNTO DE REUNIÓN EN CASO DE EVACUACIÓN



EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN

FUNCÍONS:

En fase de normalidade:

- ✓ Coñecer a forma de evacuación e a localización das SAÍDAS DE EMERXENCIA.

En fase de emerxencia:

- ✓ Dar a ALERTA ou ALARMA: en caso de observación directa e chamar ou facer chamar o XEFE DE EMERXENCIA co fin de verificar a alerta en caso de que o XEFE DE EMERXENCIAS non estea presente na zona.
- ✓ Comprobar que todas as vías de evacuación están libres de obstáculos
- ✓ Guiar os ocupantes cara ás vías de evacuación practicables e posteriormente ao PUNTO DE REUNIÓN.
- ✓ Controlar os accesos á zona evacuada e non permitir o acceso de persoal alleo á instalación.
- ✓ Axudar ao EQUIPO DE PRIMEIROS AUXILIOS na mobilización e evacuación das persoas feridas.
- ✓ Poñerse a disposición do XEFE DAS EMERXENCIA cando este acuda á zona.

En fase de volta á normalidade:

- ✓ Realizar as tarefas de rehabilitación que lles encomenden.

SE DETECTA UNHA SITUACIÓN DE EMERXENCIA:

- ✓ En caso de detectar unha situación de emerxencia alertará o persoal presente na zona e avisará ou indicará a outro compañeiro que avise o XEFE DE EMERXENCIAS. Para describir o sucedido utilizaranse os teléfonos interiores ou acudirase persoalmente ao DESPACHO DE DIRECCIÓN, informando sobre os seguintes aspectos:
 - Localización da emerxencia.
 - Natureza e magnitude da emerxencia.
 - Se é o caso, existencia de feridos.
 - Identificación da persoa que dá o aviso.

SECUENCIA XERAL DE ACTUACÍONS EN CASO DE EMERXENCIA:

- 1) A persoa que detecte a situación de emerxencia dará o aviso de ALERTA ou ALARMA e dirixirase ao lugar da emerxencia.
- 2) Despexarán a zona de persoas para unha correcta intervención.
- 3) Informarán o XEFE DAS EMERXENCIAS sobre a emerxencia unha vez que acuda ao lugar da emerxencia e actuarán baixo as súas ordes.
- 4) En caso de EVACUACIÓN, dirixirán os ocupantes á saída máis próxima.
- 5) Realizarán o RECONTO dos ocupantes.



EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN

PUNTO DE REUNIÓN EN CASO DE EVACUACIÓN



EQUIPO DE PRIMEIROS AUXILIOS

FUNCIÓNS:

En fase de normalidade:

- ✓ Comprobar periodicamente o contido e estado das caixas de urxencia.
- ✓ Asegurar a adecuación de medios materiais de primeiros auxilios.

En fase de emerxencia:

- ✓ Prestar os primeiros auxilios aos feridos.
- ✓ Solicitar, en caso necesario, a colaboración dos membros do EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN, ALARMA E EVACUACIÓN.
- ✓ Decidir se os feridos necesitan AXUDA EXTERIOR e, se é necesario, informar disto o XEFE DAS EMERXENCIAS.
- ✓ Se é o caso, preparar o traslado dos feridos a un centro sanitario.
- ✓ Recibir e informar os servizos sanitarios exteriores.
- ✓ Realizar o control médico das persoas evacuadas e das que participan na emerxencia.
- ✓ Se é o caso, acompañar os afectados no seu traslado a centros hospitalarios.
- ✓ Informar das baixas ocasionadas e ter localizados os hospitalizados.

SE DETECTA UNHA SITUACIÓN DE EMERXENCIA:

- ✓ En caso de detectar unha situación de emerxencia alertará o persoal presente na zona e avisará ou indicará a outro compañeiro que avise o DIRECTOR/A DAS EMERXENCIAS. Para describir o sucedido utilizaranse os teléfonos interiores ou acudirase peroalmente ao DESPACHO DE DIRECCIÓN, informando sobre os seguintes aspectos:
 - Localización da emerxencia.
 - Natureza e magnitude da emerxencia.
 - Se é o caso, existencia de feridos.
 - Identificación da persoa que dá o aviso.

SECUENCIA XERAL DE ACTUACIÓNS EN CASO DE EMERXENCIA:

- 1) Unha vez que se coñece a emerxencia, trasladaranse ao lugar da emerxencia.
- 2) Unha vez no lugar do sinistro, trasladarán os feridos a un lugar seguro e actuarán conforme a INSTRUCCIÓN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIA MÉDICA
- 3) Transmitiránlle ao XEFE DAS EMERXENCIAS, a necesidade de evacualos ou de solicitar apoios externos e actuarán baixo as súas ordes.
- 4) En caso necesario prepararán o traslado dos feridos.



EQUIPO DE PRIMEIROS AUXILIOS

PUNTO DE REUNIÓN EN CASO DE EVACUACIÓN



II.2. INSTRUCCIÓN DE ACTUACIÓN ANTE UNHA EMERXENCIA

INCENDIOS

CONATO DE EMERXENCIA:

- ✓ Atacará a base do incendio cos medios de extinción adecuados. En lumes de pouca magnitude, empregaranse extintores portátiles de po polivalente ABC o CO₂. En proximidade de equipos eléctricos recuperables empregárase inicialmente CO₂, se o lume non adquiriu profundidade de brasa. Se non fose eficaz, empregárase po polivalente ABC.
- ✓ Se o incendio afecta a zonas de almacenamento, deberanse identificar as posibles substancias involucradas, co fin de consultar as FICHAS DE DATOS DE SEGURIDADE dos produtos implicados, e determinaranse entre outras informacións, os riscos especiais, as medidas de loita contra incendios aplicables e os equipos de protección necesarios.
- ✓ Se o lume alcanza grandes dimensións e non se pode apagar cos medios dispoñibles, o XEFE DAS EMERXENCIAS solicitará AXUDA EXTERIOR (BOMBEIROS) e ordenará a EVACUACIÓN XERAL.

Como usar un extintor?

- 1º.- Descolgar o extintor colléndoo pola maneta ou asa fixa de que dispoña e deixalo sobre o chan en posición vertical.
- 2º.- Coller o extintor pola boquilla para evitar a saída incontrolada do axente extintor.
- 3º.- Quitar o pasador de seguridade tirando da súa argola.
- 4º.- Apertar a maneta e, en caso de que exista, apertar a panca de accionamento da boquilla.
- 5º.- Dirixir o chorro á base das lapas. Sempre que se utilice calquera medio de extinción, deberase ter en conta a nosa seguridade, polo que sempre se realizará de costas a unha porta por se é necesaria a nosa evacuación

EMERXENCIA XERAL:


- ✓ Se o incendio é de gran magnitude, procederase á EVACUACIÓN XERAL.
- ✓ Estará PROHIBIDO empregar os ascensores.
- ✓ Unha vez evacuados todos os ocupantes, ata a chegada dos bombeiros, todas as actuacións irán encamiñadas a conter o incendio, sempre dende unha zona segura.
- ✓ Evitarase dentro na medida do posible a renovación de aire na zona afectada (apagar o aire acondicionado, pechar portas, etc).
- ✓ NON se iniciarán os traballos de extinción con BOCAS DE INCENDIO EQUIPADAS (BIE) nas proximidades de EQUIPOS BAIXO TENSIÓN ata ter asegurado o corte da subministración eléctrica da zona. En caso contrario, non se utilizará chorro de auga, nin se situarán sobre charcos.
- ✓ Evitarase inhalar o fume producido polo incendio. Non entrar nas zonas afectadas sen máscara de protección para partículas (tipo FFP).
- ✓ Durante a INTERVENCIÓN asegurar en todo momento unha VÍA DE EVACUACIÓN.
- ✓ Se existen recipientes a presión (sala de caldeiras) na zona afectada polo incendio deberá refrixerarse con auga a súa superficie para reducir o risco de explosión.
- ✓ En caso de intervir o CORPO DE BOMBEIROS na EXTINCIÓN DO INCENDIO, informaráselles sobre as vías de acceso á zona do incendio e sobre a existencia e situación de instalacións de risco (almacenamento, sala de caldeiras, etc).

EXPLOSIÓNS

- ✓ Cortaranse as fontes de enerxía.
- ✓ Comprobarase se hai feridos, e se existen evacuaranse da zona procedendo de acordo coa INSTRUCCIÓN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIA MÉDICA (IAE-06).
- ✓ Comprobarase se hai danos en estruturas, existencia de fugas e/ou verteduras.
- ✓ En caso de incendio de grande magnitude procederase á EVACUACIÓN XERAL e conforme a INSTRUCCIÓN DE ACTUACIÓN EN CASO DE INCENDIO (IAE-01).

FUGAS DE GASES

